



Á vista do escrito de 13 de outubro de 2010 do Director da Unidade de Psicoloxía Forense da Facultade de Psicoloxía, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos en prácticas da titulación do Máster en Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, Xurídica-Forense e Intervención Social.

-Considerando que o Master impartido na Facultade de Psicoloxía recolle a posibilidade de que os alumnos realicen prácticas en empresas, institucións públicas ou privadas de 6 créditos ECTS distribuídos en 80 horas presenciais e 70 horas de traballo persoal orientado polos titores. Con estas prácticas preténdese que os estudantes desenvolvan os coñecementos e habilidades adquiridos ao longo dos estudos.

-Considerando que a Unidade de Psicoloxía Forense arriba citada está integrado na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos de o Master en Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, Xurídica-Forense e Intervención Social impartido na Facultade de Psicoloxía coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudiantado.

#### **ESTA REITORIA RESOLVE**

1. Autorizar a realización de prácticas do alumnado da titulación do Master en Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, Xurídica-Forense e Intervención Social impartido na Facultade de Psicoloxía nas instalacións da Unidade de Psicoloxía Forense da Facultade de Psicoloxía.
2. Establecer que o réxime das practicas será o seguinte:
  - Estas prácticas realizaranse entre os meses de setembro a xullo, e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
  - Ningún alumno terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
  - Estas prácticas non comportarán compensación económica. O feito de que o alumnado realice prácticas na Unidade de Psicoloxía Forense da Facultade de Psicoloxía non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
  - Os alumnos que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito. Non obstante na adxudicación das prácticas darase prioridade aos alumnos do master que proveñan do itinerario de Psicoloxía Xurídica-Forense, e ésta virá determinada pola nota de acceso ao master. En caso de empate o Coordinador do Máster e o Director da Unidade de Psicoloxía Forense, ou persoas nas que deleguen, realizarán unha entrevista persoal cos alumnos empatados para determinar a admisión dos mesmos.

- A Comisión Académica do Master nomeará a un titor, que realizará o seguimento das prácticas dos alumnos. Así mesmo, o responsable da Unidade de Psicoloxía Forense nomeará a un titor deste centro que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.
- Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
- A avaliación das prácticas realizaráase a USC a través do titor/-ra, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-ra de prácticas da Unidade de Psicoloxía Forense.
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.  
Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable da Unidade de Psicoloxía Forense emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.  
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que conorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de responsabilidade civil ou de accidentes

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2010

O REITOR



*[Handwritten signature]*  
José Casares Long

**SR. DECANO DA FACULTADE DE PSICOLOXIA  
SR. COORDINADOR DO MASTER EN PSICOLOXIA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS,  
XURIDICA-FORENSE E INTERVENCIÓN SOCIAL.  
SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA  
SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA  
SR. DIRECTOR DA UNIDADE DE PSICOLOXIA FORENSE**